

XORNAL INFORMATIVO

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A orientación é un proceso continuo ao longo de toda a vida. Os suxeitos son axentes activos do propio proceso de orientación. É un mo-delado aberto no que participan diferentes profesionais.

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A orientación educativa é un conxunto de actividades dirixidas aos alumnos/as, pais e mestres/as para axudarlles no desenvolvemento das súas tarefas dentro do ámbito específico dos centros escolares.

Esta acción orientadora -coordinada polo Departamento de Orientación- é tan complexa como a propia actividade docente, polo que abarca un gran número de aspectos e técnicas.

“O neno non é unha botella que hai que encher, senón un lume que é preciso prender”

Montaigne

AS VOSAS ACHEGAS

Desde o Departamento Orientación gustaríanos que este espazo fora de intercambio de experiencias e de información polo que calquera proposta ou inquedanza que se vos ocorra ten cabida.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Benvidos ao CEIP DE BANDEIRA (Silleda)



Desde o Dpto. de Orientación desexamos que teñades un bo curso 2011-2011

SUMARIO

- Marco normativo da orientación.
- Obxectivos da orientación.
- Protagonistas da orientación.
- Composición do Departamento de Orientación.
- Funcións.
- Páxinas web de interese.
- Frases célebres.
- Bibliografía.

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Marco normativo da orientación

Enténdese a orientación como factor de calidade e de mellora da ensinanza tanto na L.O.E. (2006) coma nos artigos 55 e 60 da L.O.X.S.E. (1990):

•Art. 55. É introdutorio en materia de orientación, especificaba o seguinte “os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que afectan á calidade e á mellora da ensinanza, incidindo en factores como:

- 1.Cualificación e formación do profesorado
- 2.Avaliación do sistema educativo
- 3.Innovación e investigación educativa
- 4.Recursos educativos e función directiva
- 5.Inspección educativa
- 6.Orientación educativa e profesional”


•Art. 60. No punto 1 indícase que a orientación e a titoría formarán parte das funcións docentes, polo que o mestre/a-titor/a terá competencias orientadoras no centro. O centro será o que deberá coordinar as actividades e por último cada grupo de alumnos/as terá o seu mestre/a-titor/a. No punto 2 sublíñase que as administracións educativas garantirán a orientación académica, profesional e psicopedagóxica dos alumnos/as.

Obxectivos da orientación

O obxectivo xeral da orientación é “*contribuír ao desenvolvemento pleno da personalidade baixo criterios de responsabilidade, liberdade e autonomía*”.

Por outra banda os obxectivos específicos pódense resumir en:

- 1.Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- 2.Adaptar a resposta educativa ao neno/a.
- 3.Previr as dificultades de aprendizaxe e non só asistilas.
- 4.Contribuír a unha axeitada relación entre todos os membros da comunidade educativa.
- 5.Favorecer o desenvolvemento da madurez persoal, identidade, valores e toma de decisións.



Protagonistas da orientación

Os protagonistas da orientación divídense en 3 grandes grupos:

- Alumnado: Mellorar o seu proceso educativo, superar dificultades e desenvolver a toma de decisións.
- Profesorado: Asesorar nas súas tarefas fundamentais (programación, avaliación e orientación).
- Familias: Asesorar en aspectos escolares, desenvolvemento persoal e futuro académico e profesional.

Composición do Departamento de Orientación

Constituído tal e como establece o Decreto 120/1998 (art. 4) e a Orde do 24 de xullo de 1998 (art. 3), polo xefe/a do departamento, mestra de Pedagogía Terapéutica e os coordinadores/as de ciclo. O Departamento de Orientación do CEIP de Bandeira no curso 2011-2012, non conta con especialista de Audición e Linguaxe, e constitúese polos seguintes membros:

- 1)Coordinadora de 2º Ciclo de Educación Infantil
- 2)Coordinadora do 1º Ciclo de Educación Primaria
- 3)Coordinadora do 2º Ciclo de Educación Primaria
- 4)Coordinadora do 3º Ciclo de Educación Primaria
- 5)Mestra de Pedagogía Terapéutica
- 6)Xefe do Departamento

Funcións Departamento de Orientación

Tal e como especifica no art. 6 do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e no art. 10 da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, as principais atribucións do Departamento de Orientación pódense resumir en:

1)Valorar as necesidades educativas dos alumnos/as e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

2)Elaborar as propostas do Plan de Orientación Académica, e do Plan de Acción Tutorial.

3)Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e o PCC.

4)Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades.

5)Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

6)Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.

7)Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.

8)Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

9)Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativos dos seus fillos e fillas.

10)Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

UNA ESCUELA ALTERNATIVA



PARA CONXEJO EDUCATIVO DE PALENCIA

O traballo dos departamentos de orientación como estrutura operativa dentro dos centros **é moi importante**, a lexislación así o determina.

A CCP: reunión **1 vez ao mes** (orde 22 Xullo Cap 6, art 2.2), capacidade **executiva**.

Os DO: reunión **1 vez por semana** (orde 24 xullo art. 14.1): alta operatividade e presumible **capacidade de traballo e organizativa**.

A CCP conta con membros que teñen capacidade executiva.

Os DO teñen capacidade orientadora.

A CCP ten funcións de marcado carácter curricular.

Os DO teñen funcións máis amplas que teñen que ver tanto co carácter curricular, a convivencia nos centros, a prevención, etc.

COMBINANSE AS CAPACIDADES: ORIENTADORA e EXECUTIVA

Páxinas web de interese

A continuación, móstranse páxinas que se poden ter en conta para saber máis arredor da orientación. Só é unha colectánea de páxinas web que se poden ter en conta, pero hai moitas máis...

<http://www.orientared.com/>

Esta web ofrécenos na rede recursos sobre orientación dirixido a pais/nais, alumnado e profesorado. Trátanse aspectos relacionados coa titoría, atención á diversidade, orientación, avaliación, lexislación, formación, etc.

<http://www.orientaeduc.com/>

Trátase dunha web que tamén nos ofrece recursos sobre orientación, destinados para as familias e profesionais. Ofrecense artigos relacionados coa orientación, educación intercultural, convivencia escolar, etc.

<http://w3.cnice.mec.es/recursos2/orientacion/index.html>

Páxina web do MEC na que se abordan aspectos relacionados coa orientación académica e profesional, acción titorial, desenvolvemento persoal do profesorado, apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, etc.

- <http://www.educarex.es/recursos/mci/2004/11/index.htm>

Páxina moi interesante para o 3º ciclo de educación primaria na que se tratan aspectos que preocupan bastante a mestres/as. Abarca temáticas como técnicas de estudo, atención, memoria, lectura, etc.

Frases célebres con utilidade educativa

***“Non limites aos teus alumnos/alumnas a que aprendan o mesmo ca tí.
Oriéntaos pois eles naceron noutros tempos”***

Proverbio Hebreo

Bibliografía

- Anaya, D. (1999). Diagnóstico en orientación e intervención psicopedagógica : bases conceptuales y metodológicas. Madrid: UNED.
- Bisquerra, R. (Coord.) (2000). Modelos de orientación e intervención psicopedagógica. Barcelona: Praxis.
- Gil, R. (2001). Manual para tutorías y departamentos de orientación : educar la autoestima, aprender a convivir. Barcelona: CissPraxis.
- M.E.C. (1992). Orientación y tutoría. Madrid: MEC
- Sobrado, L. (2000). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Barcelona: Estel.
- Tyler, L.E. (1992). La función del orientador. México: Trillas.

